

NORMAS FCT E PROXECTO (FEBREIRO A XUÑO 2026)

FCT:

As sesións de seguimento de FCT e Proxecto Intermodular no IES Lamas de Abade terán lugar **OS LUNS POLA MAÑÁ**, ás 10:30H, nas seguintes datas:

- | | |
|-----------------------|----------------------|
| ➤ 9 de marzo de 2026 | ➤ 11 de maio de 2026 |
| ➤ 23 de marzo de 2026 | ➤ 25 de maio de 2026 |
| ➤ 13 de abril de 2026 | ➤ 8 de xuño de 2026 |
| ➤ 27 de abril de 2026 | |

A asistencia ás reunións é **OBRIGATORIA**, pois nestas datas de seguimento da FCT/Proxecto non ides á empresa, teñades quenda de mañá ou de tarde. **É IMPORTANTE QUE NON VOS OLVIDEDES DE AVISAR NA EMPRESA DOS DÍAS QUE TEREDES REUNIÓN NO CENTRO EDUCATIVO!**

OLLO!: As faltas de asistencia nestas datas terán unha penalización na nota final do Proxecto.

Durante a realización da FCT deberán cubrirse as **"Follas de Actividades"**, estas presentaranse cando sexan requiridas e entregaranse a quen titoriza as prácticas de empresa cando remate a FCT, para que as asine, e logo entregaranse no centro educativo na derradeira reunión.

PROXECTO:

Para o seguimento presencial do módulo de Proxecto Intermodular, aproveitarase a xornada quincenal de recepción do alumnado no centro educativo, nas datas indicadas anteriormente.

As entregas do traballo que se soliciten faranse a través da Aula Virtual, en formato PDF. Os días de reunión no centro educativo revisarase o traballo realizado.

O Proxecto seguirá as instrucións que aparecen nas páxinas seguintes. As entregas que se indiquen, tanto parciais como final, conformarán un criterio mínimo esixible, é dicir, a falta non xustificada das entregas solicitadas suporá a non superación deste módulo. O seu seguimento farase en cada data sinalada no cronograma, para que se poida enviar ao equipo docente, de xeito que o profesorado poida facer as aportacións e/ou as correccións que considere oportunas.

Defensa do Proxecto. A data de presentación queda pendente da dispoñibilidade do profesorado. A defensa do Proxecto consistirá nunha presentación que sintetice o traballo elaborado. O tempo de exposición será de 5 a 10 minutos por participante, en función das integrantes do grupo; en calquera caso non poderá exceder de 20 minutos en total. Ao final da mesma, haberá 5 minutos para contestar as cuestións plantexadas polo equipo docente.

A continuación aparecen as tarefas que debes levar a cabo para completar o Proxecto Intermodular, en cada reunión que teñamos no centro educativo debes presentar avances no traballo realizado.

Fase	Actividades	Tarefas
UN Análise do sector e da empresa farmacéutica (RA1)	Análise do sector de Farmacia e Parafarmacia	Identificar tipos de empresas do sector (farmacia comunitaria, parafarmacia, almacén, laboratorio, venda online). Seleccionar unha empresa tipo para o proxecto.
	Estudo da organización da empresa	Describir a estrutura organizativa da empresa escollida. Identificar departamentos (atención á clientela, almacén, xestión, etc.).
	Análise funcional	Determinar funcións de cada departamento. Relacionar funcións co perfil profesional do persoal técnico en farmacia.
	Análise da clientela e do mercado	Identificar necesidades habituais da clientela. Estimar volume de negocio aproximado segundo o tipo de servizo.
	Sustentabilidade e ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)	Relacionar produtos/servizos da farmacia con ODS (saúde e benestar, consumo responsable, igualdade, etc.).
DÚAS Identificación da necesidade e deseño da solución (RA2)	Detección dunha necesidade	Detectar unha necesidade real do ámbito farmacéutico (ex.: educación sanitaria, mellora da atención a persoas maiores, organización do stock, campaña de saúde).
	Xeración de ideas	Propoñer varias solucións en grupo (tormenta de ideas). Debater vantaxes e inconvenientes.
	Selección da solución	Escoller a solución máis viable. Xustificar a elección.
	Innovación	Identificar elementos innovadores (uso TIC, novos servizos, mellora da atención, etc.).

TRES Elaboración do proxecto (RA2)	Estudo de viabilidade	Analizar viabilidade da proposta. Comprobar se é realizable nunha farmacia real.
	Estrutura do proxecto	Analizar viabilidade técnica da proposta. Comprobar se é realizable nunha farmacia real.
	Recursos humanos e materiais	Determinar persoal necesario. Listar materiais e medios técnicos.
	Orzamento	Elaborar un orzamento básico do proxecto.
	Calidade	Identificar criterios de calidade do servizo/proxecto.
	Documentación	Elaborar a documentación escrita do proxecto.
CATRO Planificación, execución simulada e seguimento (RA3-RA4)	Planificación temporal	Elaborar cronograma das actividades.
	Organización da execución	Asignar recursos humanos e materiais a cada actividade.
	Prevención de riscos	Identificar riscos asociados ás actividades. Aplicar medidas preventivas.
	Xestión de imprevistos	Prever posibles problemas. Propoñer solucións.
	Seguimento do proxecto	Definir procedementos de seguimento. Detectar desviacións e propoñer correccións.
	Avaliación	Avaliar resultados e documentar melloras.

CINCO Comunicación e presentación do proxecto (RA5)	Preparación da presentación	Estructurar a información de forma clara e ordenada. Preparar soporte dixital (presentación) ou outro.
	Comunicación en grupo	Repartir quendas de intervención. Empregar vocabulario técnico correcto.
	Presentación oral Uso de linguaxe técnica	Expor o proxecto ante o grupo/clase. Empregar o idioma elixido correctamente. Responder preguntas. Empregar termos profesionais, incluíndo algúns termos estándar noutras linguas.

Para facérvolo máis fácil podedes ver o que faremos nas diferentes reunións:

- Reunión do 9 de marzo de 2026, revisión do título e guión así como a xustificación do proxecto, introdución, obxectivo/s e que está recollida a bibliografía ata ese momento, amais revisárase:
 - Se o **tipo de empresa** seleccionado é realista para Farmacia e Parafarmacia e se está ben definida (non ambigua nin excesivamente ampla).
 - Se na **descrición da estrutura organizativa** aparecen departamentos claros e as funcións están ben diferenciadas.
 - Se o papel do persoal técnico en farmacia está correctamente situado e se non aparecen funcións alleas ás súas competencias.
 - En relación ao análise da clientela revisárase se hai identificación de necesidades reais e se o volume de negocio é realista, aínda que sexa estimado.
 - E por último comprobárase que polo menos 1–2 ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) están ben relacionados co produto/servizo.
- Reunión do 23 de marzo de 2026, revisárase o anterior e ademais:
 - Se se detectou unha necesidade real do ámbito farmacéutico (por exemplo educación sanitaria, mellora da atención a persoas maiores, organización do stock, campaña de saúde), é dicir se esta é concreta, realista e vinculada á farmacia/parafarmacia. Amais deberá estar ben formulada e non ser unha necesidade que logo non permita culminar o proxecto.
 - Revisárase se a solución elixida polo grupo está xustificada fronte a outras opcións que se presentaron na *tormenta de ideas* e se ten sentido co tipo de empresa escollida.
 - Finalmente revisárase se existen elementos innovadores ou algún elemento diferenciador (organización, atención, TIC, educación sanitaria...). Loxicamente a solución adoptada deberá responder á necesidade detectada.
- Reunión do 13 de abril de 2026, revisárase o anterior e ademais:
 - Xa comezaríamos nesta fase a revisar a estrutura do proxecto, é dicir, se ten todas as partes: obxectivos, actividades, recursos, orzamento, ademais de todo aquilo que aparece no documento "INSTRUCCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO" que está ao final deste documento e co que traballastes no módulo de Afondamento: conclusións, abstract, anexos e bibliografía.

- Amais revisarase a viabilidade técnica, para saber isto preguntareivos: o proxecto é realizable con medios reais dunha farmacia?
 - Tamén se os recursos humanos que se describen son coherentes co perfil profesional así como se os materiais son axeitados e realistas.
 - En canto ao orzamento indicado no proxecto revisarase se ten cifras lóxicas e se non aparecen custos irrealistas nin incompletos.
- Reunión do 27 de abril de 2026, revisarase o anterior e ademais:
- Se hai un cronograma das actividades: debe aparecer reflectido en que momento se farán as actividades e que non hai solapamentos incoherentes. Igualmente cada actividade deberá ter responsables e medios.
 - Se hai identificación de riscos realistas e se aparecen as medidas preventivas correctas.
 - Se aparece a descrición de posibles problemas e de ser así se se propoñen solucións lóxicas.
 - Finalmente comprobarase se hai avaliación dos resultados e nese caso cales serían as melloras propostas.
- Reunión do 11 de maio de 2026, nesta data haberá que ter subido á aula virtual o que denominamos a ENTREGA PARCIAL PARA REVISIÓN. Este documento poderá ser revisado por todo o profesorado do ciclo e poderá facer achegas se así o estima conveniente. Na reunión que teremos revisaremos, se queredes, a presentación que ides utilizar diante do profesorado do ciclo o día que corresponda a facer a Defensa do Proxecto:
- Que teña unha estrutura clara, ordenada e completa, tamén comprobar que todas as persoas do grupo participan.
 - Recordade que debedes utilizar unha linguaxe técnica, cun uso correcto de termos profesionais e algún termo técnico noutra lingua cando proceda.
 - É moi importante para o día da presentación diante do profesorado que teñades unha comunicación clara cunha mensaxe comprensible e que toda a información estea ben organizada.
- Reunión do 25 de maio de 2026: dedicaremos esta reunión a revisar as achegas e correccións que fixeron o resto de docentes á vosa ENTREGA PARCIAL. Esta será a derradeira reunión de revisión porque o **29 de maio é a data límite para facer a ENTREGA FINAL**
- Reunión do 8 de xuño de 2026: Nesta reunión poderá revisarse a presentación que ides facer diante do profesorado do ciclo na data que vos corresponda e que xa será nunha data moi próxima.

A CONTINUACIÓN EXPONSE O DOCUMENTO COAS INSTRUCCIÓN QUE SE VOS ENTREGOU NO MÓDULO DE AFONDAMENTO E QUE É O QUE DEBEDES SEGUIR PARA REALIZAR O PROXECTO:

INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO:

ESTRUTURA E FORMATO

(Modelo idéntico ao entregado no módulo de Afondamento)

1. ESTRUTURA DO PROXECTO

1.1. PORTADA

- Nome do proxecto
- Autoría do mesmo: debe aparecer o nome de todas as persoas que forman parte da elaboración do proxecto.
- Nome do ciclo ao que se pertence como alumnado
- Nome do centro educativo no que se estuda
- Curso académico no que se presenta o proxecto

1.2. ÍNDICE PAXINADO

Indica a páxina na que se atopa cada unha das partes que compoñen o proxecto (ollo!: a portada non se numera).

1.3. ABSTRACT

Resumo dos contidos e do alcance do proxecto.

1.4. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Xustificación do proxecto en relación coa competencia profesional do persoal técnico. Os motivos deben ser claros e concretos.

1.5. INTRODUCCIÓN

Neste punto deben redactarse as ideas principais e o contido no que se desenvolverá o tema. Recóllense os estudos, ideas e formulacións descritas sobre as que se basea o proxecto.

1.6. OBXECTIVOS

Indican o que se quere acadar co proxecto. Escríbense sempre en infinitivo e non deben ser moi numerosos.

1.7. DESENVOLVEMENTO

Neste apartado cada grupo desenvolverá o seu tema e decidirá a súa estrutura en función dos contidos a tratar. Neste apartado deberán aparecer:

- 1.7.1. Actividades (con cronograma se é o caso)
- 1.7.2. Recursos (materiais e humanos)
- 1.7.3. Orzamento
- 1.7.4. Posibles riscos e medidas preventivas
- 1.7.5. Posibles problemas e solucións
- 1.7.6. Avaliacións de resultados e melloras propostas

1.8. CONCLUSIÓN

Avaliación do traballo. Expóñense as ideas principais ás que se chegou.

1.9. ANEXOS

Son engadidos extra (non obrigatorios) que se inclúen ao final, sempre que enriquezan o traballo. Poden ser táboas, gráficos, enquisas, glosarios, referencias, etc.

1.10. BIBLIOGRAFÍA

Lista na que aparecen as diferentes fontes de información empregadas na elaboración do proxecto. No caso de utilizarse páxinas web estas deben referenciarse. **O estilo que se utilizará para citar e referenciar será o *Vancouver* e para poder facelo correctamente deixo unha guía na aula virtual (Guía para Citar e referenciar estilo *Vancouver*).**

2. FORMATO DO PROXECTO

Extensión **máxima** do proxecto: 15 páxinas máis anexos (táboas, gráficos, enquisas, etc.).

2.1. FORMATO DE PÁXINA

- ❖ Marxes: superior, inferior, esquerda e dereita de 2,5 cm.
- ❖ Cabeceira: incluíra o título do proxecto e o nome das autoras, inserido á dereita.
- ❖ Pé de páxina: incluíra a numeración das páxinas co formato número de páxina do total de páxinas, inserida á dereita. A numeración das páxinas comeza despois da portada.

2.2. PARÁGRAFOS E INTERLIÑADO

- ❖ Interliñado: 1,15
- ❖ Corpo do texto: xustificado.
- ❖ A primeira liña do parágrafo debe presentar unha sangría cara á dereita de 0,5 cm.

2.3. TIPO, ESTILO E TAMAÑO DE LETRA

- ❖ Títulos: A fonte de letra que queirades a tamaño 14. Negra. Maiúsculas.
- ❖ Subtítulos: A fonte de letra que queirades a tamaño 12. Negra. Maiúsculas.
- ❖ Corpo do texto: A fonte de letra que queirades a tamaño 12.

2.4. ANEXOS

As imaxes, táboas, gráficos, etc. deben ir sempre titulados e numerados. Ao pé dos mesmos é imprescindible citar a fonte dos datos (mesmo cando fosen elaborados polo propio autor), así como calquera outra información necesaria para a súa interpretación.

3. ENTREGA DO PROXECTO

O proxecto presentarse en formato dixital: en PDF.